

## **Deputación Provincial**

### **Ourense**

#### **Anuncio**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense acordou, na sesión que tivo lugar o día 12 de xaneiro de 2018, aprobar as seguintes:

### **Bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para as Copas Deputación 2018**

Para cumprir o devandito acordo, publícase, deseguido, o texto íntegro das mencionadas bases:

#### **Primeira.- Obxecto:**

1.- O programa de Copas Deputación, cun forte arraigamento e tradición na nosa provincia, canaliza as axudas ao deporte de competición federado para garantir a continuidade de determinadas competicións deportivas amateur que, en moitos casos, constitúen a única actividade regulada que se organiza na provincia para determinadas disciplinas deportivas.

O obxecto destas bases é a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións destinadas a desenvolver, prioritariamente, nunha ou varias xornadas, competicións deportivas que baixo a denominación de Copas Deputación se desenvolvan integramente na provincia de Ourense durante a presente temporada deportiva 2017-2018.

Por tal motivo, non poderá existir máis dunha Copa Deputación por modalidade deportiva, entendendo o concepto de modalidade como cada un dos grupos nos que se divide unha disciplina deportiva. Por exemplo, dentro da disciplina da “natación”, as modalidades deportivas serían natación, sincronizada, waterpolo, saltos e augas abertas. Noutro exemplo,

a federación de Judo e disciplinas asociadas, as modalidades poderían ser Judo, Jiu-Jitsu, Wu-shu , Ai-kido, Defensa persoal e Kendo.

Pola contra, pode existir unha Copa Deputación de Atletismo pero non de probas como maratón, marcha, lonxitude, pértega, etcétera.

A determinación de incluír unha nova Copa Deputación dunha modalidade deportiva concreta, virá determinada pola decisión razoada da Comisión de Valoración prevista na base sétima, no suposto de necesidade de interpretación dos criterios fixados nos parágrafos anteriores.

2.- Quedan excluídas desta convocatoria as Copas Deputación de Fútbol e Fútbol Sala, xa que, dado o seu arraigamento e dimensión nesta provincia, será obxecto de financiamento a través dunha subvención nominativa nos termos que estableza o Pleno da Deputación.

3.- A concesión das subvencións previstas nesta convocatoria queda suxeita á condición de que por parte da entidade organizadora da Copa Deputación se invite, por escrito, a participar na dita competición a todos os clubs da provincia integrados na correspondente federación. Para a xustificación da subvención, deberá acreditarse o cumprimento desta condición nos termos previstos na base 10ª.

#### **Segunda.- Beneficiarios:**

Poderán ser beneficiarias deste programa as federacións deportivas galegas, a través das súas respectivas delegacións na provincia de Ourense. Se a sede social da federación galega estivese radicada na nosa provincia, ou se esta carecese de delegación en Ourense, poderá realizar a solicitude a propia federación galega, directamente. Igualmente, as federacións poderán encomendarlle a organización da Copa Deputación a unha entidade deportiva domiciliada na provincia de Ourense, sendo esta última a que, neste caso, presente a solicitude. En todo caso soamente se admitirá unha solicitude por cada Copa Deputación.

Para estes efectos, as federacións só poderán autorizar a unha única entidade deportiva para facer a solicitude.

Nos supostos en que, non obstante o anterior, varias entidades deportivas dunha mesma modalidade acreditasen ante a Deputación dispoñer da dita autorización, requirirase á federación para que determine cal é a única entidade autorizada.

**Terceira.- Disponibilidades orzamentarias. Contía máxima destinada a estas subvencións.**

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 34111/48208 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2018.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 79.000,00 euros.

**Cuarta.- Solicitudes: lugar e forma de presentación, prazo e documentación:**

**Cuarta 1. Lugar e forma de presentación:**

As solicitudes, subscritas polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 16 da Lei de procedemento administrativo das administracións públicas.

A presentación poderá realizarse por calquera dos seguintes medios:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na oficina de asistencia ao cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial, nas oficinas de asistencia de calquera outra administración pública, nas oficinas das representacións diplomáticas ou consulares de España ou nas oficinas de correos.

b) De forma telemática, mediante a presentación en documento electrónico da solicitude e da documentación anexa, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://www.depourense.es/index.php/es/sede-electronica-es>) ou no rexistro electrónico de calquera outra entidade do sector público.

**Cuarta 2. Prazo de presentación:**

O prazo improrrogable de presentación iniciarase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases na Base de Datos Nacional de Subvencións, e rematará o 28 de febreiro de 2018, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

### **Cuarta 3. Documentación que debe presentarse:**

As solicitudes deberán formularse achegando dous tipos de documentación: en primeiro lugar, documentación administrativa, para a acreditación do cumprimento dos requisitos para a participación na convocatoria; en segundo lugar, documentación valorable, para a valoración dos méritos do solicitante.

De conformidade co establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non é esixible que a documentación presentada sexa orixinal, polo que, tanto na modalidade de presentación presencial como na de presentación telemática, admitirase a presentación de copias simples.

Non obstante o anterior, nos casos en que a copia presentada suscite dúbidas pola súa calidade, a Deputación poderá solicitar de xeito motivado o cotexo da copia presentada, para o que se poderá requirir a exhibición do documento ou información orixinal.

O detalle da documentación administrativa e valorable que debe presentarse é o seguinte:

a) Documentación administrativa:

a.1) Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no Anexo I destas bases.

a.2) Estatutos sociais da entidade.

a.3) Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme cos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación acreditarase mediante documento que acredite o seu nomeamento ou elección.

a.4) Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar o organismo ou entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

a.5) Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo modelo anexo III.

a.6) Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación, de ser o caso, de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do aviso do inicio do trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

a.7) No caso de entidades que actúen por encomenda ou delegación da correspondente federación deportiva, copia do acordo de encomenda ou delegación adoptado por esta última.

A presentación do documento sinalado no apartado a.6) non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da páxina web e no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 6ª e 10ª, respectivamente.

Os solicitantes estarán eximidos de presentar os estatutos sociais da entidade (apartado a.2) cando este documentos xa obrase en poder da Deputación por ter sido presentados en convocatorias anteriores, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior.

De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen o DNI do representante e o CIF da entidade dado que a Deputación comprobará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar a dita documentación coa solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

b) Documentación para a valoración da solicitude:

1.- Proxecto explicativo da actividade que se pretende, comprensiva, cando menos, da seguinte información, conforme ao modelo recollido no anexo V.

a) Resumo da actividade para realizar, con indicación de datas e lugares de celebración.

b) Numero de deportistas, clubs e categorías, que participarán na actividade, con indicación expresa dos que son de categorías de base e femininos. Tamén no anexo V, no apartado 2.2, deberán consignarse os clubs e deportistas que participaron nas edicións das Copas Deputación de 2017 e 2018.

c) Se procedese, indicación das xornadas que se desenvolverán nos distintos municipios da provincia e a posible colaboración, se existise, dos seus concellos.

d) Para facilitar o coñecemento do arraigamento social e deportivo da disciplina, deberá proporcionarse antigüidade da súa Copa Deputación.

2.- Certificación da federación deportiva competente que acredite o número de licenzas federativas na totalidade da Comunidade Autónoma e na provincia de Ourense, con indicación de sexo e categorías, segundo anexo VI.

**Cuarta 4. Regras de presentación en papel da documentación esixible:**

Cando os interesados presenten en papel a solicitude e a documentación anexa, deberán presentar a dita documentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial ou de calquera outra entidade do sector público ás que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como en representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España. A oficina dixitalizará os documentos, emitindo unha copia electrónica auténtica destes, que se remitirá á unidade administrativa competente pola propia oficina. Os

documentos en papel presentados devolverse no acto ao interesado, en unión dun recibo acreditativo da presentación da solicitude e a documentación anexa.

Alternativamente, poderán presentar a documentación en papel nunha oficina de correos, que procederá á súa dixitalización e envío electrónico á Deputación a través do servizo de rexistro virtual electrónico coa administración (ORVE) de Correos, procedéndose do mesmo xeito indicado no parágrafo anterior.

#### **Cuarta 5. Regras de presentación telemática da documentación esixible:**

Cando os interesados opten pola presentación telemática no rexistro electrónico da Deputación, deberán acceder ao rexistro na sede electrónica da Deputación, procedendo do seguinte xeito:

a) Deberán cubrir a solicitude e os anexos I, II, III, IV e V que estarán dispoñibles na sede electrónica. Non é obrigatorio, non obstante, cubrir o anexo IV, pero en caso de non presentarse non se formulará ningunha comunicación individual ao interesado durante o procedemento.

b) Deberán ademais imprimir o anexo VI para que sexa cuberto, asinado e selado polo secretario da federación deportiva correspondente. Este documento, en unión dos estatutos sociais e o poder do representante, deberá dixitalizarse e xuntarse á solicitude.

No caso do anexo VI, será igualmente válido que presenten o documento electrónico do dito anexo emitido e asinado ou selado electronicamente pola federación.

c) Unha vez cubertos a solicitude e todos os anexos así como achegada o resto de documentación, procederán a asinar electronicamente e enviar a súa solicitude, xerándose automaticamente o recibo acreditativo da súa presentación. A sinatura electrónica deberá realizarse mediante os sistemas de sinatura electrónica previstos no artigo 10.1, apartado a), da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **Cuarta 6. Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada:**

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

#### **Quinta.- Gastos subvencionables:**

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, formen parte do desenvolvemento dunha competición deportiva como gastos inherentes e necesarios para a súa realización, tales como dereitos de arbitrxes, desprazamentos, material deportivo, alugamento de instalacións, trofeos, medallas, gastos de manutención de deportistas ou persoal da organización, carteis, servizos de seguridade e orde, servizos de atención sanitaria e calquera outro que sexa preciso para levar a cabo a actividade.

Expresamente, non terán tal consideración os gastos para almorzos que non correspondan á manutención de deportistas ou persoal da organización, os honorarios profesionais por organización, premios en metálico ou todos aqueles que, pola súa natureza, resulten desproporcionados cos obxectivos que se pretenden con este tipo de subvencións.

#### **Sexta .- Procedemento de concesión:**

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiráselle ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

Para a achegar esta documentación, poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo VII destas bases.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para as Copas Deputación 2018. No caso de non

presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª a) 6, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

3. Concluído o trámite de emenda de deficiencias e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá informe co contido previsto no artigo 7.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e remitiralle o actuado á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta provisional de resolución conforme coas regras seguintes:

- a) Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.
- b) Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base oitava.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante a páxina web <http://www.depourense.es>, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para as Copas Deputación 2018. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª a) 6, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándosele unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 9ª.

**Sétima.- Comisión de Valoración:**

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o deputado delegado en materia de deporte.

- Vogais:
- A interventora da Deputación ou funcionario/a que legalmente a substitúa.
- O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
- O xefe do Servizo de Deportes, ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
- Un técnico deportivo de recoñecida e contrastada competencia.
- Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Sé é o caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia deportiva que actuarán como asesores da comisión.

Os membros da comisión estarán suxeitos ás cláusulas de abstención e recusación previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

As actuacións da comisión documentaranse en acta, que será asinada polo Presidente e pola Secretaria.

**Oitava.- Criterios de valoración para a concesión de subvencións:**

1. Como criterios de concesión e de distribución da contía das subvencións, a comisión avaliadora aplicará cada un dos indicados nos bloques seguintes.

Os ditos criterios, conforme co establecido no artigo 7.3.d) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, aplicaranse mediante o emprego de fórmulas obxectivas de carácter automático. No caso do criterio relativo ao arraigamento social da disciplina na provincia (bloque 7º) as propias bases establecen as valoracións, determinadas en función dos datos dispoñibles na Deputación pola experiencia das Copas Deputación nos anos precedentes, agás no suposto de disciplinas que entren por vez primeira neste programa de subvención, suposto no que a Comisión de Valoración establecerá, de xeito motivado, a puntuación correspondente.

Bloque 1º: (Ata 25 puntos).

- Número de licenzas en vigor na provincia, nesta temporada, que se asignarán conforme unha escala de 1 a 25 puntos en función do número de licenzas.

Asignaranse cero puntos a aqueles solicitantes que non acheguen certificación do número de licenzas.

Bloque 2º: (Ata 15 puntos)

- Número de deportistas que participarán na actividade, distribuíndose os puntos conforme unha escala entre 1 e 15 puntos. Cando se fala de número de deportistas, a convocatoria estase a referir ó total de practicantes que participan na Copa Deputación, sen repetir a mesma persoa.

Bloque 3º: (Ata 10 puntos)

- Número de deportistas de categorías de base que participen na Copa, distribuíndose a puntuación conforme unha escala comprendida entre 1 e 10 puntos.

Bloque 4º: (Ata 10 puntos)

- Número de deportistas femininos que participen na actividade, distribuídos os puntos conforme unha escala entre 1 e 10 puntos.:

Bloque 5º: (Ata 10 puntos)

- Valoración número de xornadas: asignarase unha puntuación de 1 a 10 puntos, proporcional ó número de xornadas dos que conste a Copa Deputación tendo en consideración se son xornadas soltas ou competicións por sistema de liga.

Bloque 6º.- (Ata 10 puntos)

- **Valoración organizativa das diferentes Copas Deputación.**

A diferente tipoloxía de disciplinas deportivas que integran o programa de Copas Deputación, obriga a realizar unha consideración específica dos aspectos organizativas no relativo os gastos que se derivan do seu desenvolvemento. Parece claro que existen modalidades deportivas que pola súa propia natureza e configuración organizativa requiren dun esforzo económico diferente.

Por tal motivo, en función desa realidade, establécense puntuacións entre 1 e 10 puntos, encadrándose nalgún dos grupos seguintes:

**a) Deportes ao aire libre con esixencias especiais** (Sinalizacións, permisos, servizos médicos, persoal de apoio, gastos transporte equipamentos, seguros, etcétera)

**b) Deportes de sala con necesidades singulares maiores:** (Pavimentos especiais ou montaxes complexos)

**c) Deportes de sala con necesidades singulares menores**

#### **d) Deportes de sala e resto disciplinas sen necesidades específicas**

Bloque 7º.- (Ata 20 puntos)

- **Implantación e arraigamento social da disciplina na nosa provincia.**

Para a valoración deste apartado téñense en consideración os seguintes criterios:

-Antigüidade das respectivas Copas Deputación.

-Implantación e arraigo provincial das diferentes disciplinas deportivas.

-Progresión das diferentes modalidades deportivas ao longo dos anos no relativo ao incremento ou diminución do número de licenzas.

Da análise dos apartados anteriores estableceranse distintas puntuacións entre 1 e 20 puntos.

Para aquelas disciplinas deportivas de nova incorporación, a puntuación deste bloque será determinada pola Comisión de Valoración prevista na base sétima, de forma suficientemente motivada.

2. Para a valoración dos bloques 2º, 3º e 4º, a Comisión de Valoración terá en conta os datos de participación nas edicións 2016 e 2017 das Copas Deputación achegados polos solicitantes co proxecto explicativo previsto na base 4ª.3.b).1, no apartado b), inciso último. No suposto en que a estimación de participación na Copa 2018 se considere inustificada ou de difícil cumprimento á vista dos datos das edicións anteriores, a comisión poderá axustar a valoración destes bloques á realidade dos datos de participación das edicións anteriores.

3. A Comisión de Valoración determinará a contía das subvencións para conceder en función da puntuación establecida, podendo establecer tramos de contía idéntica para todos os beneficiarios incluídos nunha determinada franxa de puntuación.

#### **Novena.- Resolución:**

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do

disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme á proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida. O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención, se é o caso, poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen solicitantes que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

**Décima.- Publicación do acordo de concesión:**

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1b) do procedemento administrativo común das administracións públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web <http://www.depourense.es>, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para as Copas

Deputación 2018. Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª, apartado 3 a), punto 8, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertíndolles da publicación da resolución e na páxina web <http://www.depourense.es>. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

**Undécima.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:**

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade e, de ser o caso, na súa páxina web e na da federación deportiva correspondente.

En caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

**Décimo segunda.- Xustificación e pago da subvención:**

1. A subvención xustificárase mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

- A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión.
- C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade, con indicación do seu importe e a súa procedencia.

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indicaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) Factura xustificativa dos gastos (ordinaria ou simplificada, de proceder esta última) en orixinal, duplicado ou copia simple.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, o gasto xustificárase mediante recibín asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) acompañado do xustificante de pago a través de entidade bancaria e, no seu caso, do documento de ingreso a favor da administración tributaria do importe retido en concepto de IRPF; excluírase a xustificación por non cumprir coas obrigas fiscais.

- No caso de gastos de arbitaxes de actividades deportivas, achegarase, ademais do sinalado no parágrafo anterior, certificación do correspondente colexio de árbitros ou entidade que asuma as súas funcións, acreditativa do gasto realizado.

- No caso de gastos de desprazamentos de deportistas con medios propios, deberase presentar unha declaración xurada dos desprazamentos ao prezo máximo de 0,19 euros por km, asinada polo deportista e co visto e prace do presidente e secretario da entidade.

Os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

E) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

F) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

G) Copia das invitacións cursadas aos correspondentes clubs e xustificantes da recepción destas.

2. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

3. A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade.

4. Na xustificación da subvención non será de aplicación o previsto no artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, atendendo ao feito de que as subvencións se conceden para a realización dunha actividade sen consideración ao seu orzamento previo. En consecuencia, os beneficiarios poderán elaborar os orzamentos da actividade á vista da subvención concedida, bastando, para entendela correctamente xustificada, a presentación de xustificantes de gasto por contía equivalente á da subvención concedida, e sempre e cando os gastos xustificados non estean financiados con cargo a outra subvención pública, conforme ao disposto na base décimo cuarta.

5. De advertirse deficiencias de carácter corrixible na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 45.1b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións para as Copas Deputación 2018. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

6. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declararase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

7. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

8. Sen prexuízo do anterior (e adicionalmente ao control financeiro simplificado previsto no apartado 2, parágrafo 2º desta base) a Intervención da Deputación Provincial poderán esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

9. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación antes do 31 de outubro de 2018. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 31 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

Tanto a xustificación como a renuncia poderán presentarse en calquera dos lugares previstos na base cuarta, de forma presencial ou telemática. Serán de aplicación as regras establecidas na base quinta para a presentación en papel ou telemática das solicitudes (referidas á documentación da conta xustificativa á que se refire esta base) así como a inexistencia da obriga de presentación de documentación orixinal.

#### **Décimo terceira.- Obrigas dos beneficiarios:**

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.

#### **Décimo cuarta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas:**

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou dos seus organismos autónomos para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto de ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

#### **Décimo quinta.- Reintegro ou perda do dereito á subvención**

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluírá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Nos supostos nos que da conta xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por importe superior ao 100% do seu custo, a Deputación Provincial reducirá proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditarase a resolución que corresponda pola Xunta de Goberno.

#### **Décimo sexta.- Normativa supletoria:**

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións

aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra este acordo, os interesados poderán interpor, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos os dous recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Ourense, 15 de xaneiro de 2018.

O presidente.

R. 144

\* \* \*